



Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Delegación Territorial da ONCE en Galicia para actuacións en materia de normalización lingüística

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Secretario Xeral de Política Lingüística da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **DECLARA:**

Que esta Secretaría Xeral de Política Lingüística formalizou coa Delegación Territorial da ONCE en Galicia o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 5 de abril ata o 30 de novembro de 2016.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer as bases polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística e a ONCE para facilitarlle ás persoas con discapacidade visual, a aprendizaxe do idioma galego, e conseguir a plena integración destas persoas no ámbito educativo e cultural.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a través da Secretaría Xeral de Política Lingüística, en cumprimento do establecido na Lei 3/1983, de normalización lingüística e no Plan Xeral de normalización da lingua galega, aprobado por unanimidade do Pleno da Cámara do Parlamento de Galicia, debe adoptar as medidas necesarias para promover unha acción social en favor do coñecemento da lingua galega, da súa revalorización e do seu uso en todos os ámbitos da sociedade e, para levar a cabo estas medidas, é imprescindible implicar a todos os sectores sociais, asociacións, entidades e colectivos que constitúen o tecido cívico e cultural de Galicia, co fin de que promovan accións para fomentar o uso do galego a través de actividades





de tipo lúdico, cultural, formativas e informativas, para que actúen como axentes de promoción da lingua.

Que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera esencial apoiar iniciativas que contribúan a sensibilizar e promover unha actitude positiva cara á lingua galega, especialmente no ámbito en que desenvolve a súa actividade a ONCE.

Que trátase de levar a cabo unhas actuacións de interese social e cunhas características especiais e singulares que van ser realizadas por unha entidade que dispón de medios e infraestruturas adecuados para realizalas, que ademais é referente exclusivo no seu marco de actuación, polo que é imposible promover a súa concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificada a sinatura dun convenio, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 9 de maio de 2016.

